

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE, E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA , PARA O PROGRAMA DO INCREMENTO DOS SERVIZOS DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL A TRAVÉS DA COMUNICACIÓN SOCIAL E Á SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EXERCICIO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 30 de novembro de 2024. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2024 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia das actuacións que a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) ten previsto desenvolver durante o ano 2024 para incrementar a accesibilidade universal a través da comunicación social e da sociedade da información.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

As páxinas e portais da internet financiados con fondos públicos deben adaptarse para lograr a súa accesibilidade ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas mediante a posta a disposición dentro destas dos correspondentes sistemas de acceso a información na lingua correspondente ao seu ámbito lingüístico.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a FAXPG é unha entidade de iniciativa social que ten como finalidade a defensa dos intereses das persoas xordas, xordo-cegas e con discapacidade auditiva de Galicia, acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade actuacións obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, e as específicas necesidades inherentes á promoción de accións de divulgación e fomento en materia de accesibilidade universal e deseño para todos, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

P.A. Decreto 139/2024, do 20 de maio

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

